



SERVIZO DE RECADACIÓN

(Reservado para cubrir pola Deputación)

Referencia única do mandato:

--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--

Tipo de pago:

RECURRENTE

SINALE CUN ASPA A OPERACIÓN
QUE DESEXA REALIZAR:

ALTA ☐

BAIXA ☐

A) DATOS DO DEBEDOR:

1) Apelidos e nome ou razón social do debedor *		2) NIF *
3) Apelidos e nome do representante ou autorizado (se é o caso)		4) NIF
5) Domicilio de notificación *		6) Código postal *
7) Municipio *	8) Provincia *	
9) Correo electrónico*	10) Teléfono*	11) Fax

B) MODALIDADE DE PLAN DE PAGOS:

10 mensualidades ☐

3 mensualidades ☐

O plan de pagos incluírá a totalidade de tributos de cobro periódico por recibo.

C) DATOS DA CONTA DE CARGO:

14) Apelidos e nome ou razón social do titular da conta*		15) NIF *
16) Apelidos e nome do representante o autorizado (se é o caso)		17) NIF
18) Domicilio		19) Código postal
20) Municipio	21) Provincia	22) País
23) Correo electrónico	24) Teléfono 1	25) Teléfono 2
26) IBAN (Número internacional da conta bancaria) *		
27) BIC (Código internacional da entidade) *		

En _____, a _____ de _____ de 2 _____

28) Sinatura do debedor, do seu
representante ou da persoa autorizada *

29) Sinatura do titular da conta, do seu
representante ou da persoa autorizada *

DOCUMENTACIÓN QUE DEBE ACHEGARSE COA SOLICITUDE

1. Os cadros marcados cun asterisco (*) deberán ser cubertos en todo caso.

2. Deberá achegarse xunto coa solicitude a seguinte documentación:

- 1) Fotocopias do anverso do DNI do debedor, se é unha persoa física, e o do seu representante ou persoa autorizada, no seu caso.
- 2) No caso de que o titular da conta sexa distinto do debedor, fotocopias do anverso do DNI do titular da conta, se é unha persoa física, e o do seu representante ou persoa autorizada, no seu caso.
- 3) Acreditación da representación, no seu caso.
- 4) Cando o solicitante sexa un sucesor por falecemento do debedor, a acreditación do falecemento do devandito debedor e da súa condición de sucesor; a partir dese momento, o sucesor asumirá os dereitos e obrigas que corresponderían ao debedor en relación coa solicitude presentada.
- 5) Acreditación da titularidade da conta de cargo. Cando sexa de titularidade do debedor, esta poderá acreditarse con calquera documento emitido pola entidade de crédito no que conste o IBAN da conta, o BIC da entidade bancaria e o nome e apelidos ou razón social do titular. Se o solicitante non fose o titular da conta de cargo requirirase, ademais, autorización expresa deste para que se realicen os cargos na conta da súa titularidade, acompañada de fotocopia do anverso do DNI da persoa que asine a autorización.

3. Poderán solicitar esta forma de pago as persoas obrigadas ao pago dos tributos ou os seus representantes legais.

4. O plan de pagos incluírá a totalidade de tributos de cobro periódico por recibo.

5. Requisitos para acollerse a este plan:

- Para ter efectos nun exercicio, a solicitude de acollerse a este plan individualizado deberá estar aprobada antes do día 1 de xaneiro do dito exercicio (de ter entrada con posterioridade terá efectos para o exercicio seguinte). A solicitude pódese realizar a través da OVT (<https://ovt.dacoruna.gal>) ou a través do resto de sistemas regulamentados na LPAC.
- Modalidades do plan:
 - PAGO EN 10 MENSUALIDADES: Neste caso o pago realizarase en 10 mensualidades, o día 5 ou inmediato hábil posterior dos meses de xaneiro a outubro. O importe total anual das cotas tributarias distribuirase segundo a estimación sobre as cotas líquidas correspondentes ao exercicio inmediatamente anterior. Estes ingresos terán o carácter de pagamentos a conta
 - PAGO EN 3 MENSUALIDADES: Neste caso o pago realizarase en 3 mensualidades, o día 5 ou inmediato hábil posterior dos meses de abril, xullo e outubro. O importe total anual das cotas tributarias distribuirase segundo a estimación sobre as cotas líquidas correspondentes ao exercicio inmediatamente anterior. Estes ingresos terán o carácter de pagos a conta.
- A domiciliación bancaria dos pagos regularase de acordo cos requisitos establecidos nas Normas de xestión de pagos domiciliados, reguladas na Resolución da Presidencia núm. 22.665 do 12 de novembro de 2014 ou norma que a substitúa.
- Non ter débedas pendentes de pagamento en período executivo.
- Os modelos oficiais de solicitude estarán ao dispor dos interesados na páxina web da Deputación (www.dacoruna.gal).

6. Incumprimento de pagamento das cotas:

Se non se fixese efectivo ao seu vencemento o importe dunha das mensualidades, o seu importe distribuirase entre as restantes cotas. A falta de pagamento de dúas cotas determinará a anulación automática do plan individualizado, quedando sen efecto para períodos sucesivos, iniciándose o período executivo sobre a totalidade da débeda pendente de pagamento ó día seguinte do vencemento do período voluntario de cobro correspondente.

O importe das cotas impagadas poderá abonarse sen recarga nin intereses antes da finalización do prazo voluntario de pagamento.

Cando non se efectuase o pagamento do último dos prazos, finalizado o período de pagamento voluntario, iniciárase o período executivo pola cantidade pendente, coas correspondentes recargas e intereses de demora.